

# SOLICITAMOS Á CIUG QUE PONDERE MÁIS FAVORABLEMENTE A ASIGNATURA DE CULTURA AUDIOVISUAL II

Achegado por Administrator  
viernes, 09 de junio do 2017  
Última actualización viernes, 09 de junio do 2017

## COMUNICADO Á CIUG: REIVINDICAR MELLORES PONDERACIÓNS PARA CULTURA AUDIOVISUAL II. APOIAR A REFORMULACIÓN DO BACHARELATO DE ARTES

ASOMÚSICA enviou un escrito á CIUG solicitando o seu apoio na nosa loita pola reformulación e dignificación do Bacharelato de Artes, modalidade que foi especialmente maltratada pola LOMCE no lugar de aproveitar o cambio legislativo para a súa mellora. Como sabedes, as materias musicais non entran nas actuais probas de acceso á Universidade por non seren troncais. Aínda que coa carga lectiva e os programas actuais, en Galicia e nalgunhas outras Comunidades estabamos en situación case imposible para afrontar esas ABAU en condicións. Non obstante, coidamos que debemos seguir reclamando que as materias de Música regresen á Selectividade, á vez que pedimos que se planifique intelixentemente este Bacharelato.

Por outra banda, solicitamos á CIUG moi concretamente que se mellore a ponderación da materia asumible polo Departamento de Música Cultura Audiovisual II de cara ás carreiras da rama das Ciencias Sociais e Xurídicas, especialmente todas as relacionadas coa Educación.

Lembramos aquí que na reunión mantida no mes de abril co Director Xeral de Educación, este expresou o seu desexo de que a formación artística e audiovisual tivera maior peso nas carreiras que preparan ós futuros docentes e traballadores sociais. Agora é o momento de reivindicar que iso sexa algo máis ca un desiderátum, ante a CIUG e todas as demais

instancias pertinentes.